



**EUROPE DIRECT**  
A Coruña



**EUROPE DIRECT**  
Lugo

## **VIII Concurso de Fotografía** **“Miradas cara ao futuro de Europa”**

Europe Direct A Coruña e Europe Direct Lugo, centros oficiais de información da Comisión Europea, convidan as persoas residentes en Galicia maiores de idade a participar no **VIII Concurso de Fotografía Cidadáns Europeos en Galicia**:

A Conferencia sobre o Futuro de Europa (futureu. europa.eu) brinda unha oportunidade única para que os cidadáns europeos debatan sobre os retos e as prioridades de Europa. Sexa cal for a túa procedencia ou ocupación, este é o momento para reflexionar sobre o rumbo que queres imprimir á Unión Europea.

Mira cara ao futuro de Europa e reflicte nunha fotografía a Europa que desexas. Podes elixir un ou varios dos seguintes temas:

#CambioClimático    #EconomíaCircular    #Biodiversidade    #Contaminación0  
#Saúde    #VidaSaudable  
#EconomíaForte    #XustizaSocial    #Emprego    #SociedadesInclusivas  
#aUEnoMundo    #AxudaHumanitaria  
#ValoresEdereitosUE    #EstadodeDereitoeSeguridade    #DereitosConsumidores  
#TransformaciónDixital    #IntelixenciaArtificial    #Ciberseguridade  
#ProteccióndeDatos    #DemocraciaEuropea    #Desinformación  
#Asilo    #Migración    #Fronteiras  
#Educación    #Cultura    #Xuventude    #Deporte

Toda obra debe incluír un símbolo representativo da Unión Europea.

O lema do concurso é “Miradas cara ao futuro de Europa”.

**PARTICIPA neste concurso e GAÑA un fantástico premio!!**



## BASES DO CONCURSO

### 1. Organización

Europe Direct A Coruña e Europe Direct Lugo (de agora en diante “os organizadores”) convocan o octavo concurso de fotografía baixo o lema “Miradas cara ao futuro de Europa” (de agora en diante “o Concurso”) a través da páxina de Facebook creada a tal fin en <https://www.facebook.com/concursociudadanoseuropeosengalicia>

### 2. Participantes

Poderán participar as persoas residentes en Galicia maiores de 18 anos que se animen a desafiar o obxectivo da súa cámara.

### 3. Tema

O lema do concurso é “Miradas cara ao futuro de Europa”. O obxectivo é que os participantes presenten obras que simbolizen a Europa que desexan para o futuro. O futuro está nas túas mans!

É a ocasión de dar a túa opinión, de dicir en que tipo de Europa queres vivir e de axudar a configurar o noso futuro. A Conferencia sobre o Futuro de Europa ([futureu.europa.eu](http://futureu.europa.eu)) convida a toda a cidadanía da UE para formar parte do debate para configurar o seu propio futuro e o de toda Europa.

As imaxes poden versar sobre algunha das seguintes temáticas que son os temas clave da Conferencia sobre o Futuro de Europa:

#CambioClimático      #EconomíaCircular      #Biodiversidade      #Contaminación0

#Saúde      #VidaSaudable

#EconomíaForte      #XustizaSocial      #Emprego      #SociedadesInclusivas

#aUEnoMundo      #AxudaHumanitaria

#ValoresEdereitosUE      #EstadodeDereitoeSeguridade      #DereitosConsumidores

#TransformaciónDixital      #IntelixenciaArtificial      #Ciberseguridade

#ProteccióndeDatos      #DemocraciaEuropea      #Desinformación

#Asilo      #Migración      #Fronteiras

#Educación      #Cultura      #Xuventude      #Deporte

Toda obra debe incluír un símbolo representativo da Unión Europea.

Utilizarase o hashtag #CidadansEuropeosEnGalicia

#### **4. Número de fotos**

Cada participante poderá presentar unha ou varias fotografías ou unha ou varias montaxes de fotografías. A fotografía ou fotografías serán orixinais, únicas e inéditas. Esta(s) fotografía(s) poderá(n) ser tomada(s) con cámara dixital, móbil ou outro dispositivo electrónico.

No caso de que nas fotografías aparezan imaxes que permitan a identificación de persoas, será necesario que o participante no concurso obteña o consentimento do interesado/as para a súa publicación. Europe Direct A Coruña e Europe Direct Lugo quedan exentos de calquera responsabilidade.

#### **5. Formato e tamaño**

A técnica de realización será libre. As fotografías deberán enviarse en formato JPG, cunha resolución mínima de 300 píxeles.

#### **6. Presentación das fotografías**

As fotografías deberán enviarse ao correo electrónico [cidanseuropeosengalicia2021@gmail.com](mailto:cidanseuropeosengalicia2021@gmail.com) acompañando o [formulario de participación](#).

As fotografías serán subidas automaticamente á páxina de Facebook do concurso.

#### **7. Prazo de presentación**

Poderás participar **dende o 31/05/2021 ata o 23/06/2021, ás 14.00 h.**

Non serán válidas en ningún caso as fotografías recibidas antes ou despois do devandito prazo, así como as que non cumpran todos os requisitos do concurso. Igualmente non serán válidas as participacións correspondentes a perfís fraudulentos.

#### **8. Valoración e xurado**

O xurado estará composto por 5 persoas: dous representantes de cada Europe Direct organizador e un experto en fotografía.

Para a elección das obras gañadoras teranse en conta os seguintes criterios:

-Adecuación á temática.

-Calidade.

-Orixinalidade.

-Mensaxe transmitida.

Ademais, valorarase a mensaxe europea, a presentación artística e a aplicación pedagóxica do seu contido.

### **9. Data de publicación do gañador**

Os nomes dos gañadores serán publicados na páxina web do concurso o día 5 de xullo de 2021.

Os gañadores deberán remitir a documentación requirida polos centros Europe Direct co obxectivo de comprobar que reúnen os requisitos esixidos para a participación no concurso. No caso de que non fóra así, o gañador pasará a ser automaticamente o suplente 1 (elixido previamente polo xurado) e así sucesivamente.

### **10. Premios**

Cada Europe Direct fará entrega de tres premios, haberá un total de 6 premios individuais a repartir. Os premios concederanse como figura a continuación:

- Europe Direct A Coruña:

1º Premio: 1 Tablet

2º Premio: 1 Tablet

3º Premio: 1 Tablet

- Europe Direct Lugo:

1º Premio: 1 Tablet

2º Premio: 1 Tablet

3º Premio: 1 Tablet

Cada participante deberá indicar no correo electrónico o centro Europe Direct ao que presenta a súa fotografía.

Aos autores das fotografías premiadas notificaráselles a súa condición de gañadores a través da dirección de correo electrónico facilitada a efectos de comunicacións.

Os organizadores resérvanse o dereito para substituír os premios por outros de igual ou maior valor se algún ou todos os premios sinalados non estivesen dispoñibles por calquera motivo.

Os gañadores poderán renunciar ao premio, pero, en ningún caso, poderán trocalo por outro distinto nin polo seu importe en metálico.

### **11. Entrega de premios**

A entrega de premios realizarase nun acto a partir da data de publicación dos gañadores, sempre que as medidas de contención da pandemia de coronavirus o permitan.

Informarase oportunamente aos gañadores do lugar e data exactos. Os gañadores deberán recoller o premio persoalmente ou ben a través da persoa que designen.

Se non fora posible poñerse en contacto cos gañadores nos 3 días hábiles posteriores á comunicación, o gañador pasará a ser automaticamente o suplente 1 (elixido previamente polo xurado) e así sucesivamente.



**EUROPE DIRECT**  
A Coruña



**EUROPE DIRECT**  
Lugo

## **Cláusulas específicas**

### *Aceptación das Bases*

A participación no concurso supón a aceptación expresa e sen reservas do participante das bases do concurso, así como do clausulado.

O incumprimento de calquera destas bases por parte do participante, determinará a súa inmediata descualificación.

O veredicto do xurado será inapelable, e a el competará a resolución de cantas dúbidas puidesen exporse na interpretación das bases do concurso.

### *Acerca das imaxes*

As imaxes non poden ser actos publicitarios nin servir como medio para publicitar produtos e/ou servizos propios do participante ou de terceiros. As imaxes deben respectar a imaxe de calquera persoa física ou xurídica, incluídas persoas anónimas, famosos, entidades, institucións, organismos e/ou empresas, incluídas as súas marcas e signos distintivos.

Serán excluídas todas as imaxes das que o participante non sexa o autor, lesionen dereitos de terceiros, ou cuxo contido sexa abusivo, obsceno, vulgar, violento, racista, sexista, ameazante, contraveña os bos costumes, vulnere algún dereito fundamental da persoa, infrinja dereitos de terceiros ou calquera disposición legal en vigor.

O participante garante que a obra é orixinal e inédita e non está suxeita a contratos, cesións ou licenzas a terceiros de dereitos de autor ou de propiedade intelectual ou doutros dereitos. Igualmente, o participante garante que a súa foto está libre de calquera gravame ou carga e que non infrinxe dereitos de terceiros.

As fotos deberán ser da propiedade do autor. En caso de detectar un uso fraudulento, os organizadores resérvanse a facultade de descartar a súa participación no presente concurso.

### *Publicidade*

Excepto en casos nos que estea prohibido, a participación no Concurso constitúe o consentimento dos gañadores a que os Europe Direct organizadores e os seus axentes utilicen os datos dos gañadores, tales como o nome, apelidos, gustos, fotografía, voz, opcións e/ou correo electrónico e dirección postal, para fins promocionais en calquera medio, a nivel mundial, sen que exista pago ou contraprestación algúns. Os gañadores serán identificados da seguinte forma para protexer a súa privacidade: nome e iniciais dos apelidos.

### *Requisitos Xerais*

Os Europe Direct organizadores resérvanse o dereito de cancelar, suspender e/ou modificar o Concurso, en todo ou en parte, en caso de fraude, fallos técnicos, ou de que calquera outro factor máis aló do control razoable dos Europe Direct que impida a integridade ou o funcionamento adecuado do Concurso, a xuízo dos organizadores. Así mesmo, resérvase o dereito de descualificar a calquera persoa que manipule, ao seu entender, o proceso de participación ou o funcionamento do Concurso ou actúe en violación do presente clausulado. Calquera intento de impedir de xeito deliberado o funcionamento lexítimo do Concurso poderá significar unha violación do dereito penal e civil, e no caso de que a dita vulneración tivese lugar, os Europe Direct organizadores resérvanse o dereito de reclamación de danos por parte de calquera persoa na medida permitida pola lei. O feito de que os Europe Direct organizadores incumpran con algún dos termos do presente Clausulado, non conlevará a renuncia á devandita disposición.

### *Limitación de Responsabilidade*

Na maior medida posible admitida por lei e sen afectar de maneira negativa a ningún dos dereitos irrenunciáveis, as Partes Exoneradas non se farán responsables de:

- (1) información incorrecta ou imprecisa, xa sexa causada polos participantes, erros de impresión ou por calquera dos programas ou equipos asociados a ou utilizados no Concurso; (2) fallos técnicos de calquera tipo, incluídos a modo enunciativo, que non limitativo: funcionamento inadecuado, interrupcións, desconexións en liñas telefónicas e hardware ou software de rede; (3)



intervención humana non autorizada en calquera momento ao longo da participación ou o Concurso; (4) erros técnicos ou humanos que puidesen darse na xestión do Concurso ou tratamento dos participantes; (5) calquera envío que sexa recibido tarde, extraviáese, estráguese ou sexa roubado; ou (6) calquera dano a persoas ou bens que puidese ser causado, directa ou indirectamente, en todo ou en parte, pola participación de candidatos no Concurso ou a recepción do premio ou o uso debido ou indebido do mesmo. Se, por calquera motivo, confírmase que unha solicitude dun participante foi eliminada por erro, perdida ou destruída de calquera outro modo ou devíñese corrupta, a única solución para o participante é a de solicitar novamente a participación no Concurso, coa condición de que, se non fose posible ofrecerlle unha nova participación debido a discontinuidade do Concurso, ou dalgunha parte da mesma, por calquera motivo, os Europe Direct organizadores poderán elixir, á súa discreción, entre todas as solicitudes recibidas ata a data de discontinuidade dun ou todos os premios ofrecidos no presente Concurso. Non se concederán máis premios dos establecidos.

#### *Propiedade Intelectual*

Os Europe Direct organizadores resérvanse o dereito para publicar as fotografías, citando sempre ao autor da mesma, así como o resultado do concurso, na súa páxina web, redes sociais, etc.

O Participante manifesta e garante aos Europe Direct organizadores que é o único titular de todos os dereitos de autor da fotografía coa que participe no Concurso, manifestando que sobre os mesmos non ten contraídos nin contraerá compromisos ou gravames de ningunha especie que atenten contra os dereitos que aos Europe Direct organizadores ou a terceiros correspondan. A este respecto, o Participante faise responsable fronte aos Europe Direct organizadores de todas as cargas pecuniarias que puidesen derivarse para os Europe Direct organizadores a favor de terceiros con motivo de accións, reclamacións ou conflitos derivados do incumprimento destas obrigacións por parte do Participante. No caso de que aparezan persoas recoñecibles na fotografía, o participante autoriza expresamente aos Europe Direct organizadores ao uso da imaxe aos exclusivos fins establecidos no presente Concurso.

A participación no concurso conleva a cesión por parte dos finalistas e os gañadores a favor dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre as obras fotográficas, sen que se xere a favor do autor nin de ningún terceiro dereito a retribución algunha.

#### *Protección de Datos*

Os datos de carácter persoal facilitados nas solicitudes serán tratados pola Deputación da Coruña e polo Concello de Lugo como organizadores do concurso, co fin de xestionar as inscricións e a realización do mesmo.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais é o consentimento que a persoa outorga na súa solicitude.

Os organizadores non cederán datos a terceiros, salvo obrigación legal. Os organizadores conservarán os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon á súa disposición un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>)”

A publicación dos datos persoais dos gañadores do concurso ten carácter obrigatorio para a xestión do premio. Calquera comunicación falsa ou incompleta dos datos persoais dá dereito aos organizadores do presente concurso a descualificar ao gañador.



**EUROPE DIRECT**  
A Coruña



**EUROPE DIRECT**  
Lugo

Modelo de formulario de inscrición

<b>CONCURSO</b>		
<b>Centro ao que presenta la fotografía</b>	<input type="checkbox"/> Europe Direct A Coruña	<input type="checkbox"/> Europe Direct Lugo

<b>Nome ou pseudónimo</b>	
<b>Correo electrónico</b>	
<b>Localidade de residencia</b>	
<b>Título da fotografía</b>	
<b>Descrición da fotografía</b>	

Información Protección de datos de carácter persoal

<b>CORRESPONSABLES DO TRATAMENTO</b>	DIPUTACIÓN DE A CORUÑA <i>Avenida Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña</i>  CONCELLO DE LUGO <i>Avenida da Coruña 500, 27003 Lugo</i>
<b>PUNTO DE CONTACTO</b>	<i>Para calquera dúbida en materia de protección de datos, pode dirixirse ao Delegado de Protección de datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico <a href="mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal">delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal</a></i>
<b>FINALIDADE</b>	<i>Os datos facilitados serán tratados co fin de xestionar a súa inscrición e a realización do concurso.</i>
<b>LEXITIMACIÓN</b>	<i>A lexitimación para o tratamento dos datos persoais é o consentimento que o solicitante outorga nesta solicitude.  O consentimento é revogable en todo momento sen efectos retroactivos, pero a súa revogación supoñerá a imposibilidade de formar parte do concurso.</i>
<b>DESTINATARIAS/OS</b>	<i>Os corresponsables non cederán datos a terceiros, salvo obrigaición legal.</i>
<b>DEREITOS</b>	<i>Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.</i>
<b>PRAZO DE CONSERVACIÓN</b>	<i>Os corresponsables conservarán os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos.</i>

- Tras ler a información en materia de protección de datos que figura no cadro anterior, consinto expresamente o tratamento dos datos persoais que figuran nesta solicitude.

En \_\_\_\_ a \_\_\_\_\_

Asinado: